




Santiago · Federico García Lorca, Javier Zabala (ilustracións) · Libros del Zorro Rojo, 2007 · 24 páx · 12 euros



EN 1918, en Fuentevaqueros (Granada), Federico García Lorca escribe a balada *Santiago*, na que narra un paso prodixioso do Apóstolo polos ceos, cabaleiro ao frente de douscentos guerreiros deixando unha estela, “una cinta de polvillo harinoso y espeso, / un borrón que parece de plata / o de nácar”. Este longo poema é o que converte en álbum o Premio Nacional de Ilustración de 2005, Javier Zabala, para a moi merecente de atención editorial Los Libros del Zorro Rojo.

Zabala crea unha poética paralela e complementaria do texto, fuxindo de calquera redundancia e creando un mundo literario-plástico que, apañando a continuidade coas fermosas e vivas cegoñas que atravesan as páxinas do libro, vainos levando á compañía da veila coa roca, dos nenos que preguntan, dos guerreiros; proposta gráfica en acuarela, liña de tinta, collage..., que lle permite facer unha destacábel lectura desta obra do poeta mártir.

A todo isto hai que engadir unha garda do propio García Lorca na que pinta un guerreiro con cota de malla que nos demostra até que punto Zabala soubo tomar ao propio Lorca debuxante como punto de partida para o seu más que meritorio traballo. Non esquezamos dicir que este libro obtivo unha mención dos Bologna Ragazzi Award for Children de 2008. // X. P. D.